



Aproveitamos o primeiro boletín do verán para incluír un resumo das actividades culturais e deportivas que se van a levar a cabo ao longo deste verán 2019. As follas interiores deste boletín están dedicadas ás mesmas e a portada e contraportada conteñen outras novas importantes. O libriño completo das actividades téñenas á súa disposición no web do Concello e repartiranse á saída do Colexio.

Avisos

* Dende o departamento de urbanismo queremos recordarlles a todos os veciños/as a obriga de conservar as súas construcións de tal forma que deberán presentar todas as súas fachadas e cubertas rematadas en un bo estado.

Trátase dunha obriga legal recollida na Lei do Solo de Galicia (Artigo 516), pero independentemente de elo debemos coidar por preservar a imaxe do noso concello e a nosa paisaxe natural, tendo en conta os elevados valores que presenta, entre os que destaca o camiño de Santiago. Se cada un de nos coidamos do noso conseguiremos un Boimorto mellor o que sen lugar a dúbidas contribuirá a mellorar a calidade de vida dos nosos veciños/as.

* Recordamos aos veciños/as que os planos nos que se reflexan as faixas de protección dos máis de 60 núcleos de poboación que temos en Boimorto están a disposición dos veciños/as na Casa do Concello. As faixas de protección son as recollidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e coñecidas por todos/as e que se deben manter limpas de maleza e arbolado.

Asemade na citada lei recollense as faixas de protección que teñen as pistas e viais situados en zonas forestais, estas faixas débense medir dende a arista exterior da cuneta e son as seguintes:

- Nos viais de titularidade municipal:
 - 4 metros de separación para as especies recollidas na disposición adicional terceira (eucalipto, piñeiro galego, piñeiro de oregon,...)
 - 2 metros para o resto de especies (carballos, castiñeiros, sabugueiros,...)
- Nos viais principais da rede de estradas:
 - 10 metros de separación para as especies recollidas na disposición adicional terceira (eucalipto, piñeiro galego, piñeiro de oregon,...)
 - 4 metros para o resto de especies (carballos, castiñeiros, sabugueiros,...)

É de máximo interese para todos os veciños de Boimorto que as fincas, montes e soares existentes no Concello se atopen nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada. Se ben este é un deber que teñen os propietarios de terreos durante todo o ano, nestas datas cobra unha especial relevancia perante o risco de incendios.

Recordamos que os luns e mércores en horario de 10 a 14 horas está no Concello o técnico de urbanismo que lles dará toda a información que precisen sobre estes temas e lles amosará e explicará os planos das faixas de protección dos núcleos.

* Aínda que este verán empezou con temperaturas baixas e con choivas, gustaríanos recordar aos veciños/as a importancia de facer un uso responsable da auga. Xa non só polo tema económico, que tamén é importante, senón que o verán pode ser moi longo e non se pode saber as necesidades que se vai a ter a curto prazo. Por iso, rogamos fagan un uso responsable da traída municipal polo ben de todos os Boimortenses.

Actividades de Verán

* PISCINA MUNICIPAL:

Aberta do 21 de xuño ó 8 de setembro co seguinte horario:

- Mes de Xuño de 15:00h. a 20:00 h.
- Meses de Xullo, Agosto e Setembro de 12:00h a 20:00h

O prezo da entrada é de 1 € os adultos (a partir de 18 anos) e 0,50 € os nen@s e gratuíta para os posuidores do carné de actividades municipais (10 € persoa / 20€ familia anuais).

As actividades comezarán o luns 1 de xullo:

- Aprende a nadar 1: Destinado a nenos/as que non saben nadar.
- Aprende a nadar 2: Destinado a nenos/as que xa saben aguantarse sen material auxiliar (manguitos, churros...).
- Escola de Natación Adultos: Dirixido para persoas a partir de 18 anos.
- Aquagym: Dirixido a persoas a partir de 16 anos. É unha actividade que consiste en exercicios físicos a piscina orientados a favorecer a corrección postural, circulación sanguínea, relaxación e mellorar a condición física xeral. Recomendable para calquera persoa xa que é unha modalidade divertida e sinxela de facer deporte, diminuíndo o impacto nas articulacións.

* CAMPAMENTOS URBÁNS DE VERÁN

IDADES DE 3 A 12 ANOS

Duración: do 1 de Xullo ó 9 de agosto de luns a venres (agás os festivos) en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Prezo: gratuíto pero haberá que estar en posesión do carné de actividades municipais.

Límite de participantes: o número máximo é de 45 a cubrirse por regurosa orde de solicitude.

Transporte: os participantes empadroados no concello poderán facer uso do bus que ven ó centro de maiores.

Recordar ós pais/nais que pasen polos Servizos Sociais para asinar as fichas de participación.

O campamento urbán esta incluído dentro do programa da medida de conciliación "Actividades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante os períodos vacacionais de verán e no nadal" subencionado pola:



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

MÁIS INFORMACIÓN NAS OFICINAS DO CONCELLO.

IDADES DE 13 A 16 ANOS

Realízase na área recreativa da piscina municipal con tendas de campaña e faranse xogos de orientación, veladas nocturnas, concursos, xogos deportivos, actividades acuáticas na piscina, xogos tradicionais,...

Duración: do luns 8 de xullo ás 16:00h ata o venres 12 de xullo ás 12:00.

Lugar: Área da piscina municipal.

Prezo: 30€uros por participante e estar en posesión do carné de actividades municipais.

Inscripción: ata o 5 de xullo.

Requisito: os participantes deberán estar empadroados no Concello ou ser alumnos do colexio de Boimorto, e terá que haber polo menos 10 inscritos para que se realice a actividade.

Deberán traer: roupa deportiva como suadoiro, pantalóns curtos, camisetas, calcetíns, zapatillas de deporte, chanclas para a ducha e piscina, traxe de baño, toallas de aseo e piscina, xabón, peite, cepillo, pasta de dentes, colonia e/ou desodorizante, saco de durmir, lanterna, tenda de campaña, prato, vaso, culler, coitelo, tenedor, crema protectora solar, roupa de abrigo para as noites.

* GAP (polideportivo municipal)

Actividade física enfocada ao fortalecemento e tonificación dos glúteos, abdominais e pernas.

Horario: martes de 21:00 a 21:45. Durante os meses de xullo e setembro.

Inscripción: nas oficinas do concello chamando por teléfono ó 981 51 60 20.

Requisitos: posuír o carné de actividades municipais. Mínimo 10 inscritos.

*** PILATES** (polideportivo municipal)

Sistema de adestramento físico e mental baseado en exercicios posturais e correctivos, no que o centro do corpo sitúase no abdome, de aí que estea moi indicado para os que padecen de problemas de costas. De 13 anos en adiante.

Horario: martes de 21:00 a 21:45. Durante os meses de xullo e setembro.

Inscripción: nas oficinas do concello chamando por teléfono ó 981 51 60 20.

Requisitos: posuír o carné de actividades municipais. Mínimo 10 inscritos.

*** III TORNEO DE PÁDEL** (Pista de pádel anexa ao polideportivo municipal)

Datas: do 19 ó 21 de xullo.

Categorías: Infantil (de 10 a 13 anos) e Senior (a partir de 14 anos).

Inscripción: gratuíta realizándose nas oficinas do concello chamando por teléfono ó 981 51 60 20.

Todos os participantes recibirán de agasallo unha camiseta técnica conmemorativa.

Garántese un mínimo de 2 partidos a cada parella participante.

*** RUTA DE SENDERISMO DA PEDRA E DA AUGA EN MEIS** (Ribadumia)

Data: domingo 28 de xullo.

Distancia: aproximadamente entre 13 e 15 kms.

Dificultade: media-baixa.

Fin inscrición: nas oficinas do concello chamando ó 981516020.

Saída: O bus sairá ás 8:00 do colexio de Boimorto e terá que haber un mínimo de 15 inscritos e un máximo de 25. No caso de non chegar ó mínimo, tentarase ir en coches particulares.

*** SAIDAS AO AQUAPARK DE CERCEDA: o 10 de Xullo e 7 de Agosto**

Saídas ás 11:30 e volta sobre ás 19:30 h no Campo do Rosario. Levar comida da casa así coma crema protectora e viseira/gorro.

Idade: sen límite, por orde de inscrición. Terán preferencia as persoas empadroadas.

Mínimo: 32 inscritos, máximo 50. Fin inscrición: o venres antes á data de saída.

Prezo: 10€/participante e estar en posesión do carné de actividades municipais.

*** SAIDAS Á PRAIA: o 3 e 17 de xullo e 28 de agosto**

Saídas á praia desde o Centro de Maiores ás 15:00 h. Deberanse anotar no concello, ou ben, chamando ao 981 51 60 20. Número limitado de prazas (25) por orde de inscrición; mínimo 20 persoas inscritas.

Totalmente gratuíto pero deben contar co carné de actividades municipais.

*** OBRADOIROS DO MES DE AGOSTO**

Na zona da piscina municipal ás 17:00 horas

- 2 de agosto Obradoiro de cometas (+ 5 anos) (2 horas)
- 9 de agosto Obradoiro de pulseiras (+ 5 anos) (2 horas)
- 16 de agosto Obradoiro de fotografía con móbiles (+ 12 anos) (4 horas)
- 23 de agosto Obradoiro de bolsas reutilizables (+ 5 anos) (2 horas)

Estes obradoiros serán totalmente gratuítos, é obrigatorio anotarse nas oficinas do Concello ata dous días antes da data de celebración do obradoiro, xa que deberá de haber un mínimo de 8 inscritos para que se celebre a actividade. Prazas limitadas.

*** XIII CARREIRA POPULAR DE BOIMORTO**

Este ano a Carreira Popular terá lugar o sábado 31 de agosto de 2019. Ao longo do verán publicaremos o cartel e as bases completas.

Os horarios das carreiras serán os seguintes:

Hora saída	Categoría	Distancia
• 18:30 h.	Chupetes	200 mts
• 18:45 h.	Prebenxamins	500 mts
• 19:00 h.	Benxamins e alevíns	1.000 mts
• 19:15 h.	Infantis e cadetes	3.175 mts
• 19:45 h.	Carreira absoluta	10.000 mts

Ao remate das carreiras a iso das 9 da noite terá lugar a entrega de premios

Centro de Maiores

* **Vacacións de verán.** Como ven sendo habitual estes anos o Centro de Maiores pechas as súas portas por vacacións do 24 de xullo ao 10 de setembro. O servizo de transporte tamén deixa de funcionar durante esta tempada, mais si que haberá transporte o día 1 de agosto e 5 de setembro por mor da feira mensual.

Emprego

* Próximas ofertas de emprego que serán publicadas na páxina web e boletín oficial da provincia:

- Bolsa de emprego de axuda a domicilio
- Brigada de incendios municipal: Xefe de brigada, peón conductor e tres peóns.

* Próxima solicitude de subvención para voluntariado: Toda persoa interesada en traballar como voluntario/a no Concello de Boimorto idades entre 16 e os 30 anos (para os menores de 18 anos precísase autorización do pai/nai ou titor/a legal chamar ao Concello de Boimorto.

Festa dos maiores 2019

* O sábado 13 de xullo de 2019 celebrarase no Pabellón Municipal de Boimorto a Festa dos Maiores. O acto terá lugar ás 14:00 horas e **están convidados/as as persoas maiores empadroadas no Concello de Boimorto que teñan 60 ou máis anos.** Para poder asistir deberán recoller a entrada no Concello antes do 8 de xullo ás 14:00 h.

Semana Cultural 2019

* A semana Cultural 2019 desenvolverase durante a semana do 22 ao 28 de xullo coas seguintes actividades:

- Luns 22: Actuación malabarista Patty Diphusa ás 20:30 h. no parque infantil.
- Martes 23: Actuación Mago Bugarín ás 20:30 h. na praza Campo do Rosario.
- Mércores 24: Festa acuática, inchables e globoflexia na piscina municipal as 17:00 h.
- Xoves 25: Festa d@ nen@ na zona do Campo do Rosario, a partir das 17:00 h.
- Venres 26: Contacontos familiar ás 20:30 h. no parque infantil.

Composición da Corporación municipal

* O pasado sábado 15 de xuño tivo lugar o pleno de constitución da corporación municipal de Boimorto resultante das eleccións municipais do 26 de maio. Quedando constituída a corporación do seguinte xeito:

- María Jesús Novo Gómez
- Patricia Taboada Garcia
- Manuel Jose Nieto Sesar
- Jesus José Fernandez Garcia
- Fatima Espiño Lojo
- Javier Costoya Souto
- Sandra Sánchez Iñiguez
- Ivan Varela Sandá
- Jose Antonio Somoza Enjamio
- Xose Luis Rivas Cruz
- Ana Maria Aguión Sandá